

NORMAS PARA O ENSINO A DISTANCIA NO CEIP DE CALDELAS 2021/2022

- Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional sobre horarios e ensino virtual ante a Covid-19.
- Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional sobre ensino virtual para a atención á diversidade.
- Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches.
- Protocolo de Adaptación ao contexto Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia curso 2021-2022 (versión 01-10-2021).

HORARIOS:

Trataremos de que o alumnado siga nas casas un horario diario máis ou menos constante, que garanta o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Cada profesora titora concretará no momento do confinamento o traballo a facer.

De 3º a 6º de Educación Primaria, dentro do posible, haberá un mínimo de conexións semanais de teledocencia pola aplicación CISCO WEBEX, tarefas diarias na AULA VIRTUAL DO COLEXIO (é importante que entredes todos os días nesta Aula Virtual), e outras tarefas impresas.

Seremos flexibles tanto na data de entrega das tarefas coma na ferramenta telemática, pero o traballo será available.

QUE FERRAMENTAS TELEMÁTICAS USAREMOS ?

Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria:

Web oficial do colexio:

www.edu.xunta.gal/centros/cepcaldelas/ na sección “ENSINO A DISTANCIA” >>> Ed.Infantil / 1ºEP / 2ºEP

Este será o espazo para Ed.Infantil, 1º e 2º de Primaria. Aquí colgaremos actividades, tarefas e recursos para eles.

OUTRAS que os mestres consideren oportunas:

Webs, blogs, email, whatsapp, etc, ou recursos tradicionais coma libros de texto, cuadernillos, fichas, etc.

3º,4º,5º,6º de Primaria:

AULA VIRTUAL do CEP de Caldelas, dispoñible en:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cepcaldelas/aulavirtual/>

Plataforma de videoconferencia “CISCO WEBEX”, dispoñible en:

<https://eduxunta.webex.com/>

OUTRAS que os mestres consideren oportunas:

Webs, blogs, email, whatsapp, etc, ou recursos tradicionais coma libros de texto, cuadernillos, fichas, etc.

NORMAS XERAIS:

- ✓ O Ensino a Distancia será de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e referencia para as familias, e permitirá avanzar –dentro do posible- nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos.
- ✓ Haberá control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica. As familias deben xustificar ao titor/a as ausencias diarias.
- ✓ O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación.
- ✓ O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento. Pasouse unha enquisa ao comezo de curso. O centro dispón de ordenadores para prestar.
- ✓ Alumnado vulnerable: Existe un Plan Específico de Ensino Virtual para este tipo de alumnado que está recollido no Plan de Continxencia do CEIP. De Caldelas.

OS PROTOCOLOS, PLANS E OUTRA INFORMACIÓN ESTÁN NA WEB DO CEP DE CALDELAS NA SECCIÓN “COVID-19”